

ACTA DA SESIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN PERMANENTE DO CONCELLO DE FERROL

| | | |
|---------------------|--|--------------------|
| Procedemento | Procedemento aberto simplificado/pluralidade de criterios/tramitación ordinaria | |
| Obxecto | Servizo de produción e execución da Cabalgata dos Reis Magos de 2020 | |
| Número expediente | AVS 05101 19/11 | Cívidas 2019114694 |
| Lugar: | Sala de Comisións do Concello de Ferrol | |
| Data | 18 de novembro de 2019 | |
| Hora de inicio | 11:05:00 | |
| Hora remate | 11:09:00 | |
| Asistentes sen voto | Don Felipe Cotovad Martínez, enxeñeiro municipal e don Alejandro Padilla Rodríguez, representante do grupo municipal PP. | |

Presidente:

Don Antonio Golpe Díaz, por delegación da presidencia segundo Decreto de data 15/11/2019

Vocais:

Don Rogelio Cenalmor Palanca, xefe de servizo de Contratación; don Leopoldo Moure García, secretario xeral; don Vicente Calvo del Castillo, interventor municipal e don Joaquín Martínez Cubero, xefe de servizo (Cultura).

Secretario/a

Dona Flor Maceiras Pérez, xefa de negociado do servizo de Contratación.

A Presidencia da por iniciado o acto.

ORDE DO DÍA**1.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior celebrada en data 11/11/2019.**

Se aproba co voto favorable dos vocais asistentes que participaron na sesión anterior.

2.- Dar conta das subsanacións solicitadas, nos termos da acta da sesión anterior, e do presentado no prazo concedido. Adopción de acordo/s.

Dase conta dos requirimentos de subsanación de documentación cursados ás empresas JARABE COMUNICACIÓN, SLU (plica 1) e PRODUCCIONES ARTISTICAS CUARZO, SL (plica 3) nos termos da acta da sesión anterior.

Dase conta da documentación presentada por JARABE COMUNICACIÓN, SLU (plica 1) dentro do prazo concedido. O licitador acredita documentalmente a solicitude de inscrición no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade de Galicia á data 4/11/2019.

Respecto da empresa PRODUCCIONES ARTISTICAS CUARZO, SL (plica 3); dase conta que dentro do prazo de subsanación concedido, mediante o Rexistro Xeral do Concello, non aporta documentación acreditativa algunha; si ben, remite mail ao servizo de Contratación no que

comunica que, á data de remate do prazo de licitación, a empresa NON estaba registrada nin dada de alta no Rexistro de Contratistas polo que non pode achegar número de Rexistro nin xustificante algún.

Considerando todo o anterior e as esixencias do artigo 159.4.a) da LCSP; o recollido no apartado 10 do Anexo I do PCAP; a Mesa de Contratación Permanente, co voto favorable de todos os vocais asistentes, acordou:

- CALIFICAR favorablemente a documentación presentada pola empresa JARABE COMUNICACIÓN, SLU.
- INADMITIR á empresa PRODUCCIONES ARTÍSTICAS CUARZO, SL
- REQUIRIR informe técnico correspondente ao sobre nº 1 “*Documentación acreditativa do cumprimento de requisitos previos e oferta de criterios dependentes dun xuízo de valor*” das dúas empresas inicialmente admitidas.

Remata a sesión. De todo o que, eu, secretaria DOU FE.

DILIXENCIA: *Unha vez aprobada a presente ACTA, na sesión da Mesa de Contratación Permanente celebrada en data 27/11/2019; asinan dixitalmente o Presidente e a secretaria na data que consta na sinatura dixital.*